

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

*RESOLUCIÓN do 27 de febreiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.*

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dispón no seu artigo 39 que a Xunta de Galicia establecerá, a través do departamento competente en materia de igualdade, unha prestación económica dirixida ás mulleres que sofren violencia de xénero. A prestación terá en conta a situación socioeconómica das mulleres, irá dirixida a posibilitar a súa autonomía e independencia económica respecto do seu agresor e a tentar axudarlle a romper coa situación de violencia. Indica que se aboará periodicamente, logo da acreditación da situación de violencia de xénero, e que será o departamento competente en materia de igualdade o encargado de regular as bases de convocatoria e as contías das axudas, dentro dos límites orzamentarios de cada anualidade.

A través da Resolución do 14 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, publicada no *Diario Oficial de Galicia* número 12, do 19 de xaneiro, aprobáronse as bases reguladoras e convocáronse para o ano 2011 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero. Estas axudas están dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero e que se atopan nunha situación de dependencia económica do agresor que as obriga á convivencia e lles impide afrontar o seu futuro con independencia dos seus agresores.

Mediante esta resolución procédese a convocar para o ano 2012 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

Por todo o disposto, e no uso das facultades que teño atribuídas,

DISPOÑO:

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta resolución ten por obxecto convocar para o ano 2012 a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, de axudas económicas individuais de carácter periódico de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

2. A finalidade destas axudas é proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor que lles posibilite dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación na que corren perigo.

3. A convocatoria rexerese polas bases reguladoras recollidas na Resolución do 14 de xaneiro de 2011, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se regulan as bases e se convocan axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero (*Diario Oficial de Galicia* núm. 12, do 19 de xaneiro).

#### *Artigo 2. Lugar e prazo de presentación das solicitudes.*

1. As solicitudes formalizaranse segundo o modelo do anexo I desta resolución, asinadas pola persoa solicitante. O formulario da solicitude así como os demais formularios normalizados referidos nas bases reguladoras e que figuran como anexos desta resolución estarán dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia no enderezo <https://sede.xunta.es> e na páxina web da Secretaría Xeral da Igualdade <http://www.mulleresengalicia.es>

2. As solicitudes poderán presentarse en formato electrónico, ante o Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia, no enderezo electrónico <https://sede.xunta.es>, de acordo co estipulado na Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos, e no Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación electrónica, a solicitante deberá posuír un DNI electrónico ou calquera outro certificado dixital en vigor baixo a norma X.509 V3, recoñecido pola plataforma de validación e por sinatura electrónica @firma. Xunto cos formularios de solicitude deberá achegarse a documentación a que se fai referencia no artigo 3 das bases reguladoras da convocatoria, que deberá cumprir os requisitos sinalados no artigo 27 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro. Aqueles documentos non dispoñibles en formato electrónico e que pola súa natureza non sexan susceptibles de achega nun formato electrónico válido deberán presentarse, xunto coa copia do anexo I, a través das vías previstas no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Ademais do formato electrónico, admítese igualmente a presentación en formato papel no Rexistro da Secretaría Xeral da Igualdade, sito no edificio administrativo de San

Lázaro s/n, en Santiago de Compostela, así como nos de calquera outro órgano da Administración xeral do Estado, das comunidades autónomas ou das entidades que integran a Administración local, sempre que neste último caso teñan subscrito o oportuno convenio, ou polos restantes medios previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. O prazo de presentación de solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de outubro de 2012.

#### Artigo 3. *Orzamento.*

Para a concesión destas axudas destinaranse 2.396.650 euros imputables á aplicación orzamentaria 04.40.313D.480.0, de acordo coa seguinte distribución:

Ano 2012: 1.276.650 euros.

Ano 2013: 1.120.000 euros, para o financiamento das axudas que, pola súa duración, xeren dereitos económicos das beneficiarias durante o exercicio seguinte.

Este crédito poderá ser ampliado cando o aumento veña derivado da súa previsión legal ou dalgún dos supostos previstos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. O incremento de crédito quedará condicionado á súa declaración de dispoñibilidade como consecuencia das circunstancias sinaladas no antedito artigo.

#### Artigo 4. *Contía das axudas.*

1. A contía que poderá acadar esta axuda establécese en función das rendas e dos ingresos da solicitante da axuda en relación co indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) para o ano 2012, de acordo coas seguintes especificacións:

1.1. Se os ingresos da solicitante son iguais ou inferiores ao IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

a) Con carácter xeral: 600 euros/mes.

b) Cunha/un filla/o menor a cargo ou cando a vítima teña unha discapacidade  $\geq 33\%$ : 650 euros/mes.

c) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade  $\geq 33\%$ : 700 euros/mes.

d) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo: 700 euros/mes.

e) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade  $\geq 33\%$ : 800 euros/mes.

f) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade  $\geq 65\%$  ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: 800 euros/mes.

1.2. Se os ingresos da solicitante son superiores ao IPREM vixente e iguais ou inferiores a 1,5 veces o IPREM vixente, e ata un máximo de doce mensualidades:

a) Con carácter xeral: 300 euros/mes.

b) Cunha/un filla/o menor a cargo ou cando a vítima teña unha discapacidade  $\geq 33\%$ : 350 euros/mes.

c) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade  $\geq 33\%$ : 400 euros/mes.

d) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo: 400 euros/mes.

e) Con dúas ou máis fillas/os menores a cargo e algunha ou algún deles ou a solicitante teñan unha discapacidade  $\geq 33\%$ : 500 euros/mes.

f) Cunha/un filla/o menor a cargo e esta/e ou a solicitante teñan unha discapacidade  $\geq 65\%$  ou teñan recoñecido grao de dependencia de acordo coa Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: 500 euros/mes.

Artigo 5. *Instrución e resolución.*

A instrución e resolución do procedemento axustarase ao establecido nas bases reguladoras destas axudas.

Artigo 6. *Información ás persoas interesadas.*

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código SI434A, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral da Igualdade, nos servizos de Igualdade das delegacións territoriais da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; a través da páxina web oficial da Xunta de Galicia, <http://www.xunta.es/resultados-da-guia-do-cidadan>, ou da Secretaría Xeral da Igualdade, <http://www.mulleresengalicia.es>; do teléfono 981 95 76 99 ou no enderezo electrónico [vx.igualdade@xunta.es](mailto:vx.igualdade@xunta.es), ou presencialmente.

Disposición adicional.

En todo o non previsto nesta resolución aplicarase o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu regulamento e demais normativa de aplicación.

Disposición derradeira primeira.

Para os efectos desta convocatoria substitúense os formularios normalizados de solicitude publicados como anexos na Resolución do 14 de xaneiro de 2011.

Disposición derradeira segunda.

A secretaria xeral da Igualdade ditará as instrucións que sexan necesarias para o adecuado desenvolvemento e cumprimento desta convocatoria.

Disposición derradeira terceira.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2012.

Susana López Abella  
Secretaría xeral da Igualdade



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Igualdade

## ANEXO I

PROCEDEMENTO <b>AXUDA PERIÓDICA DE APOIO A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO <b>SI434A</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<b>DATOS DA SOLICITANTE</b>			
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	DNI/NIE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
DATA NACEMENTO	ENDEREZO	LOCALIDADE	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
NACIONALIDADE	TELÉFONO FIXO	TELÉFONO MÓBIL	ENDEREZO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A solicitante **DECLARA**

Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se xuntan son certos, que non se omiten datos, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento de datos ou de calquera outra actuación fraudulenta.

Que autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade solicitar a información adicional que considere necesaria para a estimación adecuada dos ingresos ou recursos económicos da unidade de convivencia independente e, en xeral, para completar o expediente administrativo dirixíndose aos órganos públicos ou privados competentes.

Que autoriza a Secretaría Xeral da Igualdade, de conformidade cos artigos 2 e 3 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade e residencia nos sistemas de verificación de datos de identidade e residencia do Ministerio da Presidencia e para a cesión de datos a outros órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia ou doutras administracións públicas.

**CENTRO DE REFERENCIA PARA A XESTIÓN DA SÚA SOLICITUDE (CIM, SERVIZOS SOCIAIS, CENTRO DE ACOLLIDA, etc.)**

NOME DO CENTRO	TELÉFONO DO CENTRO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmoa de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, mediante un escrito dirixido á Secretaría Xeral da Igualdade, como responsable do ficheiro.

**DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA (sinalar a que corresponda)**

- Acreditación da condición de vítima de violencia de xénero.
  - Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, testemuño ou copia autenticada destes documentos.
  - Sentenza.
  - Informe do Ministerio Fiscal, auto de apertura de xuízo oral ou documento equivalente.
  - Informe dos servizos sociais e/ou sanitarios.
  - Informe dos servizos de acollida.
- Declaración responsable de rendas e ingresos mensuais (anexo II).
- Acreditación de discapacidade (copia cotexada).
- Acreditación de fillas/os a cargo (copia cotexada).
- Tarxeta de residencia (copia cotexada).
- Declaración de axudas (anexo III).
- Certificación bancaria orixinal.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

Resolución do 27 de febreiro de 2012, da Secretaría Xeral da Igualdade, pola que se convocan para o ano 2012 as axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero.

**SINATURA DA SOLICITANTE**

LUGAR E DATA

 ,  de  de 

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE  
Edificio administrativo San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela

XUNTA  
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE DE INGRESOS**Dona , con DNI/NIE n.º **DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE OS SEGUINTES BENS, DEREITOS E/OU RENDEMENTOS****1) RENDEMENTOS MENSUAIS, ÍNTEGROS, DO TRABALLO<sup>1</sup>**

CONTÍA MENSUAL

<sup>1</sup> Se non houberse, indicar "NINGÚN"**2) RENDEMENTOS DO CAPITAL MOBILIARIO E INMOBILIARIO<sup>1</sup> (incluíndo os incrementos do patrimonio. Exceptúase a vivenda habitual)**

CONCEPTO	CONTÍA

<sup>1</sup> Se non houberse, indicar "NINGÚN"**3) RENDEMENTOS DAS ACTIVIDADES ECONÓMICAS<sup>1</sup>**

CONCEPTO	CONTÍA

<sup>1</sup> Se non houberse, indicar "NINGÚN"**4) INGRESOS DE NATUREZA PRESTACIONAL<sup>1</sup> (agás as asignacións económicas da Seguridade Social por filla/o ou menor acollida/o a cargo)**

CONCEPTO	CONTÍA

<sup>1</sup> Se non houberse, indicar "NINGÚN"Asdo.: 

LUGAR E DATA

,  de  de



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Igualdade

**ANEXO III**  
**DECLARACIÓN DE AXUDAS**

Dona , con DNI/NIE n.º

**DECLARO**

Ter solicitado e/ou percibido as axudas seguintes:

1	Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.): <input type="text"/>
	Administración, organismo, ente ou sociedade a que se lle solicitou: <input type="text"/>
	Data da solicitude: <input type="text"/> Data de concesión: <input type="text"/> Contía integral mensual: <input type="text"/>
	Período polo que se lle concedeu: desde: <input type="text"/> ata: <input type="text"/>
2	Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.): <input type="text"/>
	Administración, organismo, ente ou sociedade a que se lle solicitou: <input type="text"/>
	Data da solicitude: <input type="text"/> Data de concesión: <input type="text"/> Contía integral mensual: <input type="text"/>
	Período polo que se lle concedeu: desde: <input type="text"/> ata: <input type="text"/>
3	Descrición da axuda (prestación, subsidio, etc.): <input type="text"/>
	Administración, organismo, ente ou sociedade a que se lle solicitou: <input type="text"/>
	Data da solicitude: <input type="text"/> Data de concesión: <input type="text"/> Contía integral mensual: <input type="text"/>
	Período polo que se lle concedeu: desde: <input type="text"/> ata: <input type="text"/>

Non ter solicitado ou percibido ningunha outra axuda das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para a mesma finalidade.

Asdo.:

LUGAR E DATA ,  de  de

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE  
Edificio administrativo San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>





**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral da Igualdade

**ANEXO IV**  
**DECLARACIÓN RESPONSABLE**

Dona , con DNI/NIE n.º

**DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE**

Que fun vítima de violencia de xénero nunha relación de convivencia.

Que con data  de  de  rematei a convivencia co meu agresor.

Asdo.:

LUGAR E DATA  
,  de  de

SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE  
Edificio administrativo San Lázaro, s/n. 15781 Santiago de Compostela



**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>